ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:30:47

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO
Expte.2192 /1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de outubro de 2026

ASISTENTES:	**NON ASISTEN:**
Membros :	
D. Abel Caballero Álvarez	D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Mª Carmen Silva Rego	Dª Yolanda Aguiar Castro
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira	
Dª Elena Espinosa Mangana	
Dª Mª José Caride Estévez	
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga	
D. Angel Rivas González	
Dª Patricia Rodríguez Calviño	

Na Casa do Concello de Vigo, ás quince horas e trinta e cinco minutos do día vinte e tres de outubro de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(936).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.
A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/10/2026	Páxina 1 de 21
2192-1102 Aprobado por XGL 30/10/2026	CSV: A9B824-CF8231-81A4B2-RZQV9B-Z7LN9P-	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(937).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL PRESENTADO NO CONCURSO DE PROXECTOS PARA O DESEÑO E REALIZACIÓN DUNHA ESCULTURA PARA RECOÑECEMENTO DA FIGURA DO FUTBOLISTA DO RC CELTA DE VIGO, IAGO ASPAS. EXPTE. 6667/330.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/10/2026, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos conformado pola concelleira de Área de Goberno, que di o seguinte:

"NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Bases que rexerán o concurso de proxectos, con intervención de xurado, para o deseño e realización dunha escultura destinada á vía pública, para recoñecemento da figura do futbolista do RC Celta de Vigo, Iago Aspas

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:30:47
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:30:47

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

Expte.2192 /1102

ANTECEDENTES

D. Alejandro Ferreiro Vaamonde, en nome e representación da UTE FERREIRO IGLESIAS STUDIO, S.L.-D. JOSÉ LUIS FERREIRO DIÉGUEZ, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante, TACGAL ou o tribunal), interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo do xurado de 2 de outubro de 2026 de inadmisión no concurso de proxectos para o deseño e realización dunha escultura destinada á vía pública, para recoñecemento da figura do futbolista do RC Celta de Vigo, Iago Aspas, do concursante presentado baixo o lema "O Ronsel que perdura" por quebrar o anonimato pola vía do correo enviado ao Rexistro Xeral deste Concello anunciando o envío da documentación do concurso por correo.

É preciso comezar realizando unha relación cronolóxica dos principais fitos deste concurso:

Primeiro.- En data 14 de agosto de 2026 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou aprobar o expediente de contratación do concurso de proxectos, con intervención de xurado, para o deseño e realización dunha escultura, destinada á vía pública, para recoñecemento da figura do futbolista do RC Celta de Vigo, Iago Aspas, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación foi publicado o 19 de agosto no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de contratación do Sector Público, abríndose o prazo de presentación de proposicións, que rematou o 21 de setembro de 2026.

Terceiro.- Finalizado o prazo de presentación de proposicións, reuniuse o xurado en data 2 de outubro de 2026, que procedeu a súa constitución e a acordar a admisión ou inadmisión dos concursantes presentados:

"1º.- Admitir no concurso de proxectos, por cumprir coa base 14, aos concursantes presentados cos seguintes lemas:

1. FAMILIA, AMIGOS E SEGUIDORES, SEMPRE CON ELES
2. ETERNO 10
3. UNHA VIDA, UN ESCUDO
4. NA AFOUTEZA PARA SEMPRE
5. ORGULLO CELESTE
6. EL TRIUNFO
7. ASPAS, CORAZON CELESTE
8. UN SOÑO DE TRISCELES
9. EL DEPORTISTA QUE TRIUNFÓ EN VIGO
10. PARALELOS
11. RAIGAÑA
12. SEMENTE DE FUTURO

S.Extr.Urx. 23/10/2026

2º.- Non admitir no concurso de proxectos por incumprir coa base 14, aos concursantes presentados cos seguintes lemas:

1. RAIZ 10, por canto o xustificante de correos non foi enviado ao Rexistro Xeral senón ao correo da Área de Contratación. No correo electrónico enviado se identifica como Juan Up, nome artístico e no xustificante de envío por correo da documentación se identifica como Juan Minguez Rodríguez. (Documentación incorporada ao expediente no trámite 100)
2. CANTEIRA E CORAZÓN, porque enviou un correo electrónico ao Rexistro Xeral cun anexo que incorpora un certificado de boa execución dunha escultura, emitido polo Concello de O Grove, a D. Antonio Moreira Recamán. (Documentación incorporada ao expediente no trámite 93)
3. FIEL A LOS COLORES, no correo electrónico enviado ao Rexistro Xeral co xustificante de envío por correo da documentación se identifica a Beatrice Scola Scobuch. (Documentación incorporada ao expediente no trámite 98)
4. Sen lema – Carlos Martínez García, no correo electrónico enviado ao Rexistro Xeral co xustificante de envío por correo da documentación se identifica ao escultor e artista plástico Carlos Martínez García. (Documentación incorporada ao expediente no trámite 91)
5. GRELOS Y NAVIZAS, no correo electrónico enviado ao Rexistro Xeral co xustificante de envío por correo da documentación se identifica a nx art proyects, galeria de arte do artista Diego Villamediana. (Documentación incorporada ao expediente no trámite 92)
6. O RONSEL QUE PERDURA, no correo electrónico enviado ao Rexistro Xeral co xustificante de envío por correo da documentación se identifica a Alex Ferreiro. (Documentación incorporada ao expediente nos trámites 97 e 99).
7. SEMPRE NOSO, no correo electrónico enviado ao Rexistro Xeral co xustificante de envío por correo da documentación se identifica a Anyel Martínez (Documentación incorporada ao expediente no trámite 95)"

A acta da sesión foi publicada no perfil de contratante.

Cuarto.- Tras a publicación da acta, os seguintes concursantes presentaron alegacións por correo electrónico contra a inadmisión:

- SEMPRE NOSO, enviou un correo no que pon de manifesto que se identificou de maneira involuntaria o 6 de outubro de 2026.
- CANTEIRA E CORAZÓN, enviou dos correos o 6 de outubro de 2026, un co seu nome, Antonio Moreira Recamán e outro a nome do lema. En consecuencia, confirmou a súa identidade.
- Sen lema – Carlos Martínez García, enviou un correo co seu nome. En consecuencia, confirmou a súa identidade. É preciso por de releve que a documentación presentada ao concurso non inclúe o lema polo que este se descoñece.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:30:47
Documento asinado

- FIEL A LOS COLORES, enviou dos correos desde o correo de Beatrice Scola, un formulado pola Sra. Scola e outro polo propio artista os días 7 e 8 de outubro respectivamente.

Quinto.- En data 9 de outubro de 2026 o Xurado reuniuse para proceder a apertura en acto público do sobre B, se ben con carácter previo resolveu as reclamacións contra as inadmisións formuladas, acordando:

a) Estimar as alegacións presentadas polo concursante que participa co lema "FIEL A LOS COLORES", por canto, tal e como manifestan tanto a Sra. Scola como o artista, no correo electrónico enviado ao Rexistro Xeral co xustificante de envío por correo da documentación do concurso, se identifica a Beatrice Scola Scobuch, que manifesta non ser a autora da proposta, e que enviou o correo en representación do artista para garantir que a súa identidade permanecese no anonimato.

b) Desestimar as alegacións dos seguintes concursantes CANTEIRA E CORAZÓN, SEMPRE NOSO e Sen lema – Carlos Martínez García por queda acreditado que a comunicación permitiu revelar a autoría da proposta durante a fase na que debía preservarse o anonimato, polo que procede desestimar as alegacións e manter a exclusión, ao abeiro das bases 14.2 e 20.5.

Sexto.- Na mesma sesión, procedese en acto público a separar os sobres A dos sobres B das propostas admitidas. Acto seguido se abriron os sobres B. Finalizada a apertura dos mesmos, e unha vez que o público abandonou a sala, o xurado comprobou se a documentación do sobre B cumpre coas bases que rexen este concurso, advertindo que os concursantes "EL DEPORTISTA QUE TRIUNFÓ EN VIGO" e "FIEL A LOS COLORES" están incursos en causa de exclusión por revelar a identidade dos concursantes na documentación do sobre B, consonte ao previsto nas bases 14.1 e 21.1.7.

Sétimo.- En data 19 de outubro de 2026, D. Alejandro Ferreiro Vaamonde, actuando en nome e representación da UTE FERREIRO IGLESIAS STUDIO, SL, e JOSE LUIS FERREIRO DIEGUEZ, interpón recurso especial en materia de contratación contra a súa inadmisión ante o TACGAL. O recurso foi admitido a trámite polo tribunal, que solicitou informe ao órgano de contratación o 19 de outubro de 2026.

Oitavo.- En data 21 de outubro de 2026 a XGL acordou:

"1º.- Dar conta das admisións e inadmisións de concursantes neste procedemento consonte ás bases 14 e 20.5:

a) *Admisións:*

1. *FAMILIA, AMIGOS E SEGUIDORES, SEMPRE CON ELES*
2. *ETERNO 10*
3. *UNHA VIDA, UN ESCUDO*
4. *NA AFOUTEZA PARA SEMPRE*

S.Extr.Urx. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:30:47
Documento asinado

5. *ORGULLO CELESTE*
6. *EL TRIUNFO*
7. *ASPAS, CORAZON CELESTE*
8. *UN SOÑO DE TRISCELES*
9. *EL DEPORTISTA QUE TRIUNFÓ EN VIGO*
10. *PARALELOS*
11. *RAIGAÑA*
12. *SEMENTE DE FUTURO*
13. *FIEL A LOS COLORES*

b) Inadmisións:

1. *RAIZ 10, por canto o xustificante de correos non foi enviado ao Rexistro Xeral senón ao correo da Área de Contratación. No correo electrónico enviado se identifica como Juan Up, nome artístico e no xustificante de envío por correo da documentación se identifica como Juan Minguez Rodríguez. (Documentación incorporada ao expediente no trámite 100)*
2. *CANTEIRA E CORAZÓN, porque enviou un correo electrónico ao Rexistro Xeral cun anexo que incorpora un certificado de boa execución dunha escultura, emitido polo Concello de O Grove, a D. Antonio Moreira Recamán. (Documentación incorporada ao expediente no trámite 93)*
3. *Sen lema – Carlos Martínez García, no correo electrónico enviado ao Rexistro Xeral co xustificante de envío por correo da documentación se identifica ao escultor e artista plástico Carlos Martínez García. (Documentación incorporada ao expediente no trámite 91)*
4. *GRELOS Y NAVIZAS, no correo electrónico enviado ao Rexistro Xeral co xustificante de envío por correo da documentación se identifica a nx art proyects, galeria de arte do artista Diego Villamediana. (Documentación incorporada ao expediente no trámite 92)*
5. *O RONSEL QUE PERDURA, no correo electrónico enviado ao Rexistro Xeral co xustificante de envío por correo da documentación se identifica a Alex Ferreiro. (Documentación incorporada ao expediente nos trámites 97 e 99).*
6. *SEMPRE NOSO, no correo electrónico enviado ao Rexistro Xeral co xustificante de envío por correo da documentación se identifica a Anyel Martínez (Documentación incorporada ao expediente no trámite 95)"*

2º.- Excluír do concurso de proxectos, con intervención de xurado, para o deseño e realización dunha escultura, destinada á vía pública, para recoñecemento da figura do futbolista do RC Celta de Vigo, Iago Aspas:

1. *a proposta presentada baixo o lema «EL DEPORTISTA QUE TRIUNFÓ EN VIGO», por vulneración das regras de anonimato establecidas nas bases reguladoras, ao incluír no sobre B un arquivo que contén documentación propia do sobre A e que revela a identidade do escultor PEDRO DOBAO RODRÍGUEZ, de conformidade coas bases 14.1 e 21.1.7.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:30:47
Documento asinado

2. *a proposta presentada baixo o lema «FIEL A LOS COLORES», por vulneración das regras de anonimato establecidas nas bases reguladoras, ao incluír no sobre B un arquivo cuxa denominación, «Proyecto Iago Aspas Mazureque», permite identificar o escultor PEDRO REQUEJO NOVOA a través do seu nome artístico, de conformidade coas bases 14.1 e 21.1.7.*

3º.- Suspensión do procedemento por mor da interposición dun recurso especial en materia de contratación ante o TACGAL por D. Alejandro Ferreiro Vaamonde, actuando en nome e representación da UTE FERREIRO IGLESIAS STUDIO, SL, e JOSE LUIS FERREIRO DIEGUEZ contra a súa inadmisión neste procedemento.

4º.- Notificar ó presente acordo aos concursantes excluídos, ao TACGAL e a o xurado, e publicalo no perfil do contratante deste concello".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o acordo do xurado de 2 de outubro de 2026 de inadmisión no concurso de proxectos para o deseño e realización dunha escultura destinada á vía pública, para recoñecemento da figura do futbolista do RC Celta de Vigo, Iago Aspas, do concursante presentado baixo o lema "O Ronsel que perdura" por quebrar o anonimato pola vía do correo enviado ao Rexistro Xeral deste Concello anunciando o envío da documentación do concurso por correo.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:30:47
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/10/2026	Páxina 7 de 21
2192-1102 Aprobado por XGL 30/10/2026	CSV: A9B824-CF8231-81A4B2-RZQV9B-Z7LN9P-	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.

- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.

- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscrición dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.

- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.

- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.

- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), pudendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 1/2015, de 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:30:47

Documento asinado

boa administración, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.

b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.

c) Os acordos de adxudicación.

d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.

e) A formalización de encargas a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.

f) Os acordos de rescate de concesións.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:30:47
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/10/2026	Páxina 9 de 21
2192-1102 Aprobado por XGL 30/10/2026	CSV: A9B824-CF8231-81A4B2-RZQV9B-Z7LN9P-	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Así, o acordo de inadmisión é un acto de trámite cualificado, que impide ao concursane continuar no procedemento, e en consecuencia, subsumible no artigo 44.2.b da LCSP, como acto susceptible de recurso.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.

- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, se non que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. No caso que nos ocupa non hai dúbida da lexitimación do recorrente na súa cualidade de licitador, aínda que forme parte dunha UTE e recorra de forma individual. Así o recoñece a xurisprudencia do TS, entre outras na sentenza 456/2021, de 26 de marzo, que afirma que a lexitimación "*ha de reconocerse a cada una de las empresas integrantes de la UTE, de forma individual*". En consecuencia, procede propoñer ao tribunal o recoñecemento da súa lexitimación.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.

- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.

- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.

b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.

c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:30:47

Documento asinado

d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.

e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

a) Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación o cómputo se iniciará a partir do día seguinte a aquel no que se tiña coñecemento da posible infracción (artigo 50.1.c).

b) Cando se interpoña contra a adxudicación do contrato, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento (artigo 50.1.d).

O recurso foi interposto no Rexistro do TACGAL en data 19 de outubro de 2026. A acta do xurado na que se acorda a inadmisión foi publicada no perfil de contratante o día 2 de outubro máis non se practicou a notificación ao licitador por canto non se coñecerá o enderezo sinalado a efectos de notificación ata a apertura do sobre A en acto público, consonte ao previsto no artigo 187 da LCSP e a base 20.8. Á vista destes datos, a informante considera que o recurso foi interposto en prazo, apoiándose na resolución do TACGAL nº 132/2018, 20 de decembro de 2018. Neste caso as exclusións impugnadas foron publicadas no perfil de contratante.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-
Motivos de impugnación da resolución recorrida

Con carácter previo a análise das alegacións do recorrente é preciso facer algunhas consideracións sobre o réxime aplicable ao concurso e a consideración das bases como a lei do concurso, por analoxía ao que acontece cos pregos dos procedementos de licitación.
O artigo 187.4 da LCSP establece que o Xurado adoptará as súas decisións ou ditames con total autonomía e independencia, sobre a base de proxectos presentados de forma anónima

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:30:47
Documento asinado

e atendendo unicamente aos criterios indicados no anuncio de licitación. Para estes efectos, considera anónimos aqueles proxectos nos que non figure o nome do autor nin existan datos ou indicios de calquera tipo que permitan coñecer indirectamente a súa identidade. O apartado 6 do mesmo artigo esixe que o anonimato se manteña ata que o Xurado emita o seu ditame ou decisión.

Esta previsión legal constitúe unha garantía esencial da obxectividade, imparcialidade e independencia do concurso, ao impedir que a identidade, a reputación profesional ou calquera outra circunstancia persoal dos autores poida influír na valoración dos proxectos.

No presente procedemento, esta esixencia foi desenvolvida expresamente polas bases 14.1 e 14.2, que impuxeron a obriga de preservar o anonimato e estableceron como causa automática de exclusión calquera actuación, voluntaria ou involuntaria, que puidese poñelo en cuestión durante a fase correspondente.

A presentación dunha proposta implica a aceptación incondicionada das bases, de acordo co artigo 139.1 da LCSP e coa propia base 14.5. En consecuencia, os participantes estaban obrigados a cumprir as condicións de presentación establecidas, incluídas as destinadas a preservar o anonimato, sen que a aplicación destas condicións poida quedar supeditada á valoración posterior da intención subxectiva do concursante. E así o recoñece a xurisprudencia e a doutrina dos tribunais administrativos especiais en materia de contratación pública. Citaremos por todas elas a Resolución nº 304/2018 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid, que aínda que se refire ós pregos a súa argumentación é trasleitable ás bases que rexen os concursos de proxectos:

> *"los Pliegos conforman la Ley del contrato y vinculan a los licitadores que concurren a la licitación aceptando su contenido y también a los órganos de contratación y vinculan en sus propios términos, (Vid. por todas STS de 29 de septiembre de 2009 o Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Madrid, 128/2011, de 14 de febrero (JUR 2011/170863), de manera que los licitadores han de estar y pasar por los mismos en todo su contenido. En este sentido, recogiendo lo dispuesto en el artículo 145.1 del TRLCSP, la presentación de proposiciones supone, por parte del empresario, la aceptación incondicional del clausulado de los pliegos sin salvedad o reserva alguna (...) los Pliegos constituyen la base del contrato y sus determinaciones las reglas conforme a las cuales debe ser cumplido al determinar el contenido de la relación contractual. Por lo que su contenido, no habiendo sido recurridos, vincula tanto a la Administración que los formula como a los licitadores, que al no impugnarlos, los aceptan incondicionalmente con la presentación de su oferta" (fundamento de dereito quinto) .*

Analizaremos a continuación as alegacións:

1ª.- Sobre a natureza auxiliar do acto técnico e a total ausencia de afectación ao anonimato ante o xurado

O recorrente sostén que o correo electrónico enviado para comunicar a imposición postal da proposta tiña carácter meramente auxiliar e administrativo, polo que a identificación do remitente non afectaría ao anonimato do proxecto sometido á valoración artística.

Esta interpretación non pode compartirse por canto a base 14.3 configura a comunicación electrónica como parte das condicións previstas para a presentación das proposicións por correo postal. Non se trata, polo tanto, dunha comunicación allea ao procedemento, senón dunha actuación directamente vinculada á presentación da proposta e suxeita á obriga xeral

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:30:47
Documento asinado

de preservar a identidade dos concursantes. A súa vinculación coa proposta presentada permitía asociar a identidade do remitente ao procedemento e ao lema correspondente.
Compre analizar a regulación do anonimato nas bases que rexen este procedemento:

- A base 8.4 establece que o concurso se rexe, entre outros, polos principios de libre concorrencia e anonimato.
- A base 14.1 determina que os participantes deben presentar a documentación nos sobres previstos nas bases, identificados unicamente co lema elixido, sen que ningún elemento permita identificar individual ou colectivamente os participantes.
- A base 14.2 precisa que o lema non pode permitir a identificación directa ou indirecta do concursante e configura como causa automática de exclusión o incumprimento destas obrigas ou calquera actuación, voluntaria ou involuntaria, que poida poñer en cuestión o anonimato durante esta fase do procedemento.
- A base 21.1.7 contempla expresamente como causa de exclusión o "quebrantamento do anonimato por revelación da autoría do mesmo calquera que sexa o medio empregado".

Estas previsións evidencian que a preservación do anonimato non se limita á ausencia de referencias identificativas no contido artístico que debe valorar o Xurado contido no sobre B, senón que constitúe unha obriga que vincula os participantes durante a fase do procedemento na que debe manterse a separación entre a proposta e a identidade da súa autoría.

É preciso por de releve, ademais, que o carácter automático ou involuntario da aparición do nome na aplicación de correo electrónico non elimina a existencia obxectiva da información identificativa nin a obriga do participante de adoptar as precaucións necesarias para garantir o anonimato. A base 14.2 prevé expresamente a exclusión ante actuacións voluntarias ou involuntarias que poidan poñer en cuestión o anonimato.

O recorrente puido crear un correo electrónico co lema e non vinculado á súa persoa e anunciar a través do mesmo o envío da súa oferta por correos, como fixeron outros concursantes. Neste senso, a Resolución nº 691/2026, 23 de abril de 2026, do TACRC que se refire a un caso como o que nos ocupa, no que o recorrente enviou un correo ao Rexistro identificándose di ao respecto no fundamento xurídico oitavo que:

> *"En el caso que nos atañe, la recurrente presentó su proposición técnica haciendo referencia a un correo electrónico que permitía identificar al autor de la oferta, aspecto éste que no puede discutirse seriamente. Dicho correo no sólo incluía el nombre de su autor, sino que además contenía datos o indicios que permitían conocer directamente la identidad que debió ser preservada, pues el nombre señalado en la dirección de correo electrónico coincide exactamente con la denominación social de la recurrente.*
>
> *El pliego rector de la licitación, como hemos podido comprobar, establece de manera taxativa la exclusión del procedimiento del licitador que incumpla la condición del anonimato y es lo cierto que tal circunstancia ha acontecido en el presente supuesto. Frente a lo argumentado por el recurrente, cabe indicar que el defecto de*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:30:47
Documento asinado

la proposición de la recurrente supone el incumplimiento de un requisito esencial del concurso, que no es meramente formal ni formulario, sino que constituye un incumplimiento flagrante del contenido de los pliegos, por cuanto con su actuación, la recurrente incumplió los requisitos necesarios para garantizar la confidencialidad y el anonimato de su proposición.

Y es que la cláusula 12.2 del pliego indica con claridad la obligación de anonimato y la cláusula 15.2 añade entre las funciones del jurado se encuentra la detección del quebrantamiento del anonimato por revelación de la autoría del mismo "cualquiera que sea el medio empleado", por lo que una actuación del licitador que permita identificar el origen de su proposición -y la inclusión de un correo electrónico que lo identifica produce ese efecto- supone una vulneración de la norma legal y de las bases del concurso, que claramente tratan de evitar el conocimiento de quién presenta el proyecto en cuestión.

Frente a esta conclusión no se puede argumentar que el pliego aludía únicamente a la documentación técnica en sí misma considerada porque, de ser así, resultaría muy sencillo que el Jurado o el órgano de contratación pudiesen identificar el origen de todos los proyectos, rompiendo con ello la manifiesta intención del legislador y quebrando la propia naturaleza independiente y autónoma del jurado".

Esta mesma resolución admite que é posible anonimizar os correos electrónicos nestes casos ao dicir no fundamento xurídico cuarto que:

"la prueba documental aportada en el expediente de contratación es suficiente para dar por acreditado que la parte recurrente presentó una documentación que permitía que se le identificase sin ningún género de duda, mientras que el resto de los participantes presentaron un correo electrónico anonimizado (empresaconcursosxxxxx@gmail.com y concursoanonimo1974 @gmail.com, respectivamente) que no permitía esa identificación".

No mesmo senso, a Resolución nº 1183/2018, de 21 de decembro, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACRC), determina que:

"*el requisito del anonimato de las proposiciones se quiebra con la simple existencia de circunstancias que permitan, en abstracto, la posibilidad de que por alguno de los miembros del Jurado se conozca la identidad del licitador de que se trate. El objetivo de la Ley en este punto es asegurar la absoluta garantía de la independencia e imparcialidad del Jurado, incluyendo la apariencia de la misma, eliminando cualquier sospecha de que la decisión del mismo pudiera verse afectada por su eventual conocimiento de la identidad de los ofertantes. No es preciso acreditar que se haya conocido de manera efectiva tal identidad, sino que basta con que existan elementos de juicio que evidencien que existió la posibilidad de que se produjese tal conocimiento, al no salvaguardarse adecuadamente el anonimato de las ofertas. Esta interpretación resulta con evidencia de la disposición contenida en el párrafo segundo del apartado 4 del art. 187 LCSP, cuando indica que "se entenderá por proyectos presentados de forma anónima aquellos en los que no solo no figure el nombre de su autor, sino que además no contengan datos o indicios de cualquier tipo que permitan conocer indirectamente la identidad del autor o autores del mismo." En este caso, como hemos razonado previamente, dicha garantía se ha visto vulnerada, puesto que no*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:30:47

Documento asinado

cabe negar que el tenor del correo remitido a las secretarias titular y suplente del Jurado resultaba de por sí revelador de la identidad de uno de los miembros del licitador en cuestión, sin que tampoco quepa aceptar las alegaciones relativas a que las bases no contenían una previsión expresa acerca de la forma de remisión por correo electrónico de la justificación del envío de las ofertas por correo, por cuanto como hemos apuntado previamente la exigencia de garantía del anonimato se establece con carácter general tanto en la Ley como en el pliego de bases, y, como bien apunta el recurrente en su escrito, bien pudo y debió remitirse el correo electrónico de forma que no se revelase dato alguno acerca de la identidad de su emisor. A ello cabe añadir, adicionalmente, que también se debió, vista la circunstancia acaecida, eliminar del texto el dato de la cuenta de remisión al trasladar el correo a las secretarias del jurado. Por último, debe puntualizarse que el hecho de que estas personas no ostentasen derecho de voto no afecta a las anteriores consideraciones, dada su indiscutible condición de miembros del jurado y partícipes en las reuniones del mismo. Hemos de concluir por tanto en que se ha vulnerado en el procedimiento la exigencia de anonimato de las proposiciones recogida tanto en las bases como en la LCSP".

2ª.- Da corrección e rectificación proactiva en tempo e forma dentro do prazo

O recorrente sostén que, ao advertir a aparición do seu nome no primeiro correo electrónico, remitiu un segundo correo desde unha conta que considera anónima, achegando de novo o xustificante postal dentro do prazo de presentación das proposicións.

A remisión dun segundo correo pode acreditar a intención do recorrente de evitar a identificación, así como a súa vontade de cumprir as condicións do concurso. Non entanto, esa actuación posterior non determina automaticamente que desapareza a incidencia producida polo primeiro envío.

É preciso ter en conta que toda a documentación recibida a través do Rexistro xeral, unha vez practicado o asento de entrada, se anexa a un expediente electrónico. Efectivamente, tal e como dispón o artigo 16.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, "*1. Cada Administración dispondrá de un Registro Electrónico General, en el que se hará el correspondiente asiento de todo documento que sea presentado o que se reciba en cualquier órgano administrativo, Organismo público o Entidad vinculado o dependiente a éstos. También se podrán anotar en el mismo, la salida de los documentos oficiales dirigidos a otros órganos o particulares".* E este artigo, no seu apartado 2 indica que concluído o trámite de rexistro, os documentos serán cursados sen dilación aos seus destinatarios e ás unidades administrativas correspondentes desde o rexistro en que fosen recibidas. E a este expediente electrónico ten acceso o xurado, por canto neste procedemento, por imperativo do artigo 187.1 da LCSP, non intervén a mesa de contratación senón o xurado.

O anonimato debe quedar garantido durante o procedemento e non unicamente mediante o último dos correos remitidos. Se unha comunicación anterior xa incorporou datos identificativos e estes chegaron a coñecemento do Xurado antes de que emitise o seu ditame ou decisión, o envío posterior dunha comunicación anónima non elimina retroactivamente esa circunstancia, nin pode ter o carácter de subsanación, circunstancia que tampouco foi indicada polo concursante ata o escrito de recurso.

3ª.- Aplicación dos principios de proporcionalidade e "favor participationis" ante un erro inducido polo deseño do procedemento municipal

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:30:47
Documento asinado

O recorrente considera que a exclusión resulta desproporcionada, ao tratarse dun erro técnico involuntario e dunha incidencia que, segundo afirma, afectou tamén a outros participantes no concurso.
É certo que a interpretación e aplicación das normas de contratación pública debe respectar os principios de igualdade de trato, transparencia, proporcionalidade e concorrencia, recollidos no artigo 1 da LCSP. Máis, estes principios deben conciliarse coas garantías específicas que caracterizan os concursos de proxectos, entre elas a preservación do anonimato ata a emisión do ditame ou decisión do Xurado.
O principio de concorrencia non permite deixar sen aplicación unha condición expresamente establecida nas bases cando a súa observancia resulta esencial para garantir a igualdade entre os participantes.

Neste caso, a base 14.2 non se limitou a formular unha recomendación xenérica de anonimato, senón que definiu o seu alcance e estableceu expresamente que calquera actuación, voluntaria ou involuntaria, que puidese poñelo en cuestión sería causa automática de exclusión.
A aplicación desa previsión non responde, polo tanto, a unha valoración arbitraria da gravidade da conduta do recorrente, senón á aplicación dunha condición previamente establecida, coñecida polos participantes e directamente relacionada coa natureza do concurso.
O carácter artístico e creativo do obxecto do procedemento tampouco altera a esixencia de cumprimento das condicións de presentación. A especialidade do concurso de proxectos esixe precisamente que a valoración se realice atendendo aos méritos das propostas e non á identidade dos seus autores.
En canto á afirmación de que outros participantes foron excluídos por circunstancias semellantes, esa alegación non permite concluír que a decisión impugnada sexa contraria a dereito. Pola contra, a aplicación dunha mesma condición a todos os participantes que incorran no suposto previsto nas bases resulta coherente co principio de igualdade de trato, sempre que se fundamente nas circunstancias efectivamente acreditadas en cada caso.
Por todo o exposto, considérase que as alegacións formuladas pola UTE recorrente non desvirtúan a legalidade do acordo do xurado de 2 de outubro de 2026, polo que procede solicitar do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia a desestimación das mesmas.

-VI-

Conclusións

Recapitulando, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso con respecto a impugnación do acordo de exclusión.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo de exclusión do recorrente, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:30:47
Documento asinado

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa, o órgano de contratación, en sesión de 21 de outubro de 2026, unha vez que tivo noticia da interposición do recurso acordou a suspensión do procedemento para evitar que o xurado valorase o sobre B, na sesión convocada ao efecto polo presidente para o día 22 de outubro, e se puidese contaminar o procedemento, producindo danos de difícil ou imposible reparación.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"1º.- Aprobar o presente informe.

*2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contrat**ación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia".***

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(938).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCIÓN TÉCNICA DA CELEBRACIÓN DAS ACTIVIDADES DA CAMPAÑA DE NADAL 2026-2027. EXPTE. 12313/106.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/10/2026, asinado polo xefe do Servizo de Comercio conformado polo concelleiro de Área de Goberno informado favorablemente poal Asesoría Xurídica e Intervención Municipal da mesma data que di o seguinte:

S.Extr.Urx. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:30:47
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:30:47

Documento asinado

"1.- Mediante resolución do día 23.10.2026 o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para a contratación por procedemento aberto e tracto sucesivo da produción técnica para a celebración das actividades para a Campaña do Nadal 2026-2027 polo procedemento urxente.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orden de inicio asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 23.10.2026.

- Resolución de inicio de expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais con data 23.10.2026.

- Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 23.10.2026.

- Declaración de neutralidade do redactor do prego de prescricións técnicas asinada o día 23.10.2026.

- Documentos económicos de retención de crédito asinados pola dirección superior contable e orzamentación o día 23.10.2026 (operacións nº 12026000120266 (RC) e 12026000120267 (RCFUT)).

- Memoria económica do contrato asinada polo xefe do Servizo de Comercio, polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda o día 23.10.2026.

- Memoria xustificativa do contrato asinada pola xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais o día 23.10.2026.

- Informe do Servizo de Contratación sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 23.10.2026.

- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 23.10.2026.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 22.06.2023, posterior correccións de data 28.06.2024 e 25.09.2025, nos concelleiros de Área. O concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especias mediante resolución de data 23.10.2026, autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 156 e 116 LCSP

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa, xustifícase a insuficiencia de medios (116.4.f LCSP), o prezo e a súa determinación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

S.Extr.Urx. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:30:47
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:30:47

Documento asinado

O procedemento elixido para a contratación é o aberto, e a forma de tramitación do expediente a urxente.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente incorporarase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xa incorporado ao expediente, xunto co informe da fiscalización previa que achegará a Intervención Xeral, uniranse ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.
Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e tracto sucesivo da produción técnica para a celebración das actividades para a Campaña do Nadal 2026-2027 polo procedemento urxente cun orzamento base de licitación (IVE incluído) de CEN MIL NOVECENTOS TRINTA E OITO CON CORENTA E DOUS EUROS (100.938,42 €), segundo a seguinte distribución de anualidades:

ANUALIDADES CON IVE	
2026	74,166.57 €
2027	26,771.85 €
TOTAL CONTRATO	**100,938.42 €**

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 23.10.2026, así como aprobar o Prego de

Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 23.10.2026.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por importe de 74.166,57 € con cargo a aplicación orzamentaria 4310.2279901 "PROGRAMA DE DECORACIÓN Y ANIMACIÓN NADAL" e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2027 na aplicación orzamentaria 4310.2279901 "PROGRAMA DE DECORACIÓN Y ANIMACIÓN NADAL", crédito por importe de 26.771,85 €.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás quince horas e corenta minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

S.Extr.Urx. 23/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:30:47

Documento asinado